REUNIÓN DA COMISIÓN 5ª, SANIDADE, POLÍTICA SOCIAL E EMPREGO

Día: 21.06.2018 Hora: 10:30

PARLAMENTO DE GALICIA

A Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego, da que vostede forma parte, reunirase o próximo día 21 de xuño de 2018, ás 10:30 horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte :

Punto 1. Comparecencia

1.1 26835 (10/CPC-000042)
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
Da directora xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado, por petición propia, para informar sobre o balance da Estratexia galega de acción voluntaria, na anualidade de 2017
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 267, do 27.02.2018

Punto 2. Preguntas orais

2.1 26247 (10/POC-004282)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Prado Cores, María Montserrat e 5 máis
Sobre as previsións do Goberno galego respecto da atención das demandas en materia laboral formuladas polos profesionais que prestan servizo nos puntos de atención continuada do Sergas
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 264, do 21.02.2018

2.2 26531 (10/POC-004320)
Grupo Parlamentario de En Marea
Solla Fernández, Eva
Sobre os informes que posúe a Consellería de Sanidade en relación co grao de cumprimento do Plan de asistencia integral á saúde da muller en Galicia, as actuacións que se están a levar a cabo para a súa aplicación e as medidas adoptadas para garantir a interrupción voluntaria do embarazo, así como os dereitos sexuais e reprodutivos na rede sanitaria pública
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 268, do 28.02.2018

2.3 27388 (10/POC-004433)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Torrado Quintela, Julio e 2 máis
Sobre o grao de influencia que pretende a Consellería de Sanidade na actualización da normativa vixente sobre o xogo en Galicia, a súa opinión referida ás accións que se deben considerar na vindeira lei e aos criterios pedagóxicos que debe fomentar para mellorar a prevención de condutas adictivas, así como a súa valoración respecto da atención asistencial posta á disposición das persoas afectadas por trastornos derivados do xogo
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 277, do 15.03.2018

PARLAMENTO
DE GALICIA

2.4 27901 (10/POC-004505)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Núñez Centeno, Aurelio Alfonso e 8 máis
Sobre a valoración da Consellería de Sanidade respecto da proposta da Sociedade Galega de Pediatría para reorganizar a atención pediátrica
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 280, do 21.03.2018

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 13 de xuño de 2018

Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez
Presidenta da Comisión

RELACIÓN DE MEMBROS DE

COMISIÓN 5ª, SANIDADE, POLÍTICA SOCIAL E EMPREGO

POR ORDE ALFABÉTICA

Mesa

Presidenta

Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez	P

Vicepresidente

Miguel Ángel Tellado Filgueira	P

Secretaria

María Montserrat Prado Cores	BNG

Vogais

María Encarnación Amigo Díaz	P
Noela Blanco Rodríguez	S
María Ángeles García Míguez	P
Aurelio Alfonso Núñez Centeno	P
Marta Rodríguez Arias	P
María Soraya Salorio Porral	P
Eva Solla Fernández	EM
Julio Torrado Quintela	S
Paula Vázquez Verao	EM

Reunión da Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

Día: 21.06.2018 Hora: 10:30

Orde do día

1. Comparecencia

Reunión da Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego
Día: 21.06.2018 Hora: 10:30
Orde do día

1.1 26835(10/CPC-000042)

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Da directora xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado, por petición propia, para informar sobre o balance da Estratexia galega de acción voluntaria, na anualidade de 2017

Publicación da iniciativa, 267, 27.02.2018

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
23 FEB. 2018
Núm. 26835

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS
23 FEB. 2018
SAIDA
Núm. 56

Solicítolle, consonte o disposto no artigo 143 do Regulamento da Cámara, a comparecencia a petición propia -ante a Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego- da directora xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado para informar sobre **"o balance da Estratexia Galega de Acción Voluntaria, anualidade 2017".**

Santiago de Compostela, 23 de febreiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Presidente do Parlamento de Galicia

Reunión da Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

Día: 21.06.2018 Hora: 10:30

Orde do día

2. Preguntas orais

Reunión da Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego
Día: 21.06.2018 Hora: 10:30
Orde do día

2.1 26247(10/POC-004282)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da atención das demandas en materia laboral formuladas polos profesionais que prestan servizo nos puntos de atención continuada do Sergas

Publicación da iniciativa, 264, 21.02.2018

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/02/2018 13:21
Nº Rexistro: 26247
Data envio: 15/02/2018 13:21:30.900

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Montserrat Prado Cores, **Luis Bará Torres**, **Ana Pontón Mondelo**, **Xosé Luis Rivas Cruz**, **Olalla Rodil Fernández** e **Noa Presas Bergantiños**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Comisión**, relativa á necesidade de atender as reclamacións d@s profesionais dos PACs.

@s profesionais que prestan os seus servizos nos Puntos de Atención Continuada PAC do Servizo Galego de Saúde, están a denunciar que as condición de traballo empeoraron nos últimos anos tanto en recursos humanos e materiais como en retribucións e presión asistencial, de xeito especial dende a creación das Estruturas Organizativas de Xestión Integradas EOXIS. Denuncian que a súa situación laboral está sendo insostíbel e polo tanto a repercusión asistencial. Os acordos asinados co Sergas no ano 2008 non se cumpriron e menos foron revisados nin actualizados, negándose o Sergas a convocar a comisión de seguimento do acordo para actualizalo en beneficio d@s profesionais.

Faise polo tanto imprescindíbel que por parte da Consellaría de Sanidade, do Sergas, se lle dea solución a esta situación. Este colectivo de profesionais ten unha táboa reivindicativa que consideramos xusta e debe ser asumida por parte do Sergas e que solicitan:

- Equipos completos médic@/enfermeir@ en todos os PACs. A atención a emerxencias sen persoal adecuado no é aceptábel nun país desenvolvido;

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/02/2018 13:21
Nº Rexistro: 26247
Data envio: 15/02/2018 13:21:30.900

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

e a responsabilidade desta asistencia de baixa calidade é da mala planificación por parte das EOXI.

- Respecto aos tempos de traballo do persoal conforme a directivas europeas, que están para garantir unha atención eficiente por persoal descansado en beneficio d@s doentes. Isto debe ser independente de ter un contrato fixo ou traballo fraccionado, o fraccionamento de contratos non pode empregarse para non cumprir cos descansos.

- Calquera avaliación de "derivación hospitalaria" debe ser eliminada das listas de obxectivos, xa que as derivacións non son opcionais, seguen criterios médixos.Os ADX deben adecuarse ao traballo no PAC.

- A existencia de criterios obxectivos para a dotación de persoal nos PACs en base á carga asistencial, dispersión, distribución, distancia ao hospital e número de movilizacións polo 061 para garantir o dereito a asistencia.

- pago do 100% dos complementos de nocturnidade e festividade dende este momento e con carácter retroactivo dende o 2010.

- Que non se aumente a xornada laboral efectiva das 1451 horas actuais, calquer exceso de xornada debe ser voluntaria, incentivada e por tramos; empeorar as condicións laborais aumentrán as fugas de persoa a outras áreas e serizos e empeorará a asistencia.

- Cómputo axeitao de Incapacidades Temporais e permisos retribuídos

- As asistencias a calquera reunión convocada dende as xerencias deben ser contabilizadas coma xornada laboral.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/02/2018 13:21
Nº Rexistro: 26247
Data envio: 15/02/2018 13:21:30.900

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- As dietas dos domingos e festivos deben ser aboadas polo xantar e pola cea.

- Elaboración dos calendarios de quendas dando prioridade ao persoal propio de PAC, ocupando o persoa voluntario os ocos.

- A dotación de Equipos de Protección Individual a todo o persoal que traballa nos PAC s, inda que sexan persoal en formación ou ocasional. Debe existir un circuíto de limpeza que evite ter que levar a roupa a lavar ao domicilio persoal.

Por estas razóns formúlanse as seguintes preguntas para a súa resposta oral en comisión:

-Vai atender o Goberno galego as demandas d@s profesionais que prestan servizos nos Puntos de Atención Continuada do Sergas?

-Coida que nas condicións de sobrecarga na que prestan os seus servizos os prefesionais dos PACs poden dar unha boa calidade asistencial?

Santiago de Compostela, 15 de febreiro de 2018

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**
Noa Presas Bergantiños
Olalla Rodil Fernández
Xosé Luis Rivas Cruz

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/02/2018 13:21
Nº Rexistro: 26247
Data envio: 15/02/2018 13:21:30.900

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Luis Bará Torres

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 15/02/2018 13:16:12

Ana Pontón Mondelo na data 15/02/2018 13:16:16

Xose Luis Rivas Cruz na data 15/02/2018 13:16:18

Olalla Rodil Fernández na data 15/02/2018 13:16:20

Noa Presas Bergantiños na data 15/02/2018 13:16:22

Xosé Luis Bará Torres na data 15/02/2018 13:16:25

Reunión da Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego
Día: 21.06.2018 Hora: 10:30
Orde do día

2.2 26531(10/POC-004320)

Grupo Parlamentario de En Marea

Solla Fernández, Eva

Sobre os informes que posúe a Consellería de Sanidade en relación co grao de cumprimento do Plan de asistencia integral á saúde da muller en Galicia, as actuacións que se están a levar a cabo para a súa aplicación e as medidas adoptadas para garantir a interrupción voluntaria do embarazo, así como os dereitos sexuais e reprodutivos na rede sanitaria pública

Publicación da iniciativa, 268, 28.02.2018

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/02/2018 10:09
Nº Rexistro: 26531
Data envio: 20/02/2018 10:09:35.302

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

Eva Solla Fernández, deputada do Grupo Parlamentar de **En Marea,** ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5.ª.**

Asistimos non fai moito tempo a gravísimas situacións de vulneración do dereito á saúde sexual e reprodutiva das mulleres así como ao dereito da interrupción do embarazo, con derivacións fóra do territorio galego, provocando verdadeiros riscos para a saúde das mulleres afectadas.

Todo isto nun contexto de desmantelamento progresivo de servizos públicos que teñen afectado de xeito moi duro ao dereito á saúde así como axudado a aumentar aínda máis a desigualdade existente entre homes e mulleres, sendo as mulleres as que sempre teñen máis que perder.

Pero ademais da saúde sexual e reprodutiva ou as enfermidades xinecolóxicas, en materia sanitaria a atención á saúde das mulleres, tamén debe terse en conta en enfermidades comúns que poden manifestarse con signos e síntomas diferentes, así como no estudo de factores sociais e culturais que afectan tanto física como psiquicamente ás mulleres, debendo ser reforzado todo isto con recursos públicos suficientes que permitan dar cumprimento aos plans elaborado, coa finalidade de mellorar en conxunto a saúde das mulleres.

Por todo o anterior, o Grupo Parlamentario de En Marea presenta as seguintes Preguntas:

1ª) Ten informes a Consellería de Sanidade sobre o grao de cumprimento do Plan Integral de asistencia ás mulleres?

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/02/2018 10:09
Nº Rexistro: 26531
Data envio: 20/02/2018 10:09:35.302

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

2ª) Cales foron os recursos e mecanismos dos que se dotou ao SERGAS para poñer en marcha dito Plan?

3ª) Que medidas tomou o Goberno galego para garantir a interrupción voluntaria do embarazo e os dereitos sexuais e reprodutivos nos centros da rede sanitaria pública?

4ª) Cando pensan cubrir as demandas dos Centros de Saúde de Atención Primaria, especialmente no rural?

5ª) Como se está a aplicar o plan de asistencia ás mulleres no ámbito da Atención Primaria?

6ª) Como se está a aplicar o plan de asistencia ás mulleres no ámbito da Atención Especializada?

7ª) Que medidas vai garantir o Goberno para dar cumprimento ás prestacións no servizo público en materia de saúde sexual e reprodutiva e planificación familiar?

8ª) Que política está levando a cabo a Consellería de Sanidade en materia de anticonceptivos e métodos de prevención de transmisións de enfermidades sexuais para as mulleres?

Santiago de Compostela, 20 de febreiro de 2018.

Asdo.: Eva Solla Fernández

Deputada do G.P. de En Marea.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/02/2018 10:09
Nº Rexistro: 26531
Data envio: 20/02/2018 10:09:35.302

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Asinado dixitalmente por:

Eva Solla Fernández na data 20/02/2018 10:07:27

Reunión da Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego
Día: 21.06.2018 Hora: 10:30
Orde do día

2.3 27388(10/POC-004433)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e 2 máis

Sobre o grao de influencia que pretende a Consellería de Sanidade na actualización da normativa vixente sobre o xogo en Galicia, a súa opinión referida ás accións que se deben considerar na vindeira lei e aos criterios pedagóxicos que debe fomentar para mellorar a prevención de condutas adictivas, así como a súa valoración respecto da atención asistencial posta á disposición das persoas afectadas por trastornos derivados do xogo

Publicación da iniciativa, 277, 15.03.2018

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/03/2018 16:30
Nº Rexistro: 27388
Data envio: 06/03/2018 16:23:09.996

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

Á Mesa do Parlamento

Julio Torrado Quintela, Juan Manuel Díaz Villoslada e Noela Blanco Rodríguez, deputados e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

Dende a Xunta de Galicia vénse afirmando recentemente a necesidade dunha reforma da lexislación referente ao xogo en Galicia, actualizando as normativas existentes (autonómica en 1985 e a estatal máis recente promovida en 2011 polo Goberno de José Luis Rodríguez Zapatero). A existencia de novos formatos, como o xogo online, e a tolerancia social desenvolvida ao redor dun problema de gravidade que aínda non é percibido socialmente como tal, fan necesaria unha aposta decidida por regular o sector de forma rigorosa e por potenciar, de maneira específica, as vertentes referidas a promoción de xogo responsable, prevención de condutas aditivas e o plano asistencial para as persoas afectadas e/ou rehabilitadas.

Na actualidade, a asociación das cuestións do eido sanitario relativas ao xogo céntranse no aspecto asistencial, e de maneira máis tibia do que sería necesario. A importancia fundamental do sector tense en conta dende puntos de vista fiscal e tributario, pero non se atende correctamente por parte da administración as cuestións de prevención de condutas aditivas e asistenciais. Resulta necesario elevar a dotación orzamentaria dedicada a prevención e tratamento de condutas aditivas, non en tanto todas as suxestións que se veñen facendo vía emendas aos orzamentos da comunidade autónoma son sistematicamente rexeitadas pola maioría que sustenta ao goberno autonómico, impedindo que estas partidas puideran promover maior e mellor atención ás persoas afectadas.

No mesmo sentido, debera ser asumido que unha das cuestións máis importantes no tratamento do xogo dende a perspectiva de conduta aditiva está na tolerancia social existente, como así apunta o coñecemento existente froito da investigación e o traballo dos expertos.

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/03/2018 16:30
Nº Rexistro: 27388
Data envio: 06/03/2018 16:23:09.996

Estas ideas derivan na necesidade de afrontar unha perspectiva pedagóxica que hoxe en día non está a existir, e que debera ter especial incidencia nos colectivos máis mozos, pois a idade de inicio de condutas de xogo está a diminuír preocupantemente. Na actualidade, recentes estudios sinalan como franxa de idade de maior condutas ao redor do xogo en torno ao grupo de 18 a 25 anos, cando hai apenas 5 anos se situaba na franxa dos 35 aos 40 anos. A irrupción do xogo online, a aparición de maiores medios e plataformas, tanto virtuais como online, a facilidade de acceso non controlado e outras cuestións relativas ao baixo control existente favorecen que o problema actual teña unha gravidade elevada e crecente.

Dadas estas cuestións, todo apunta á necesidade de focalizar maior atención e compromiso nas políticas de prevención de condutas aditivas en torno ao xogo e asistencia sobre xogo patolóxico, cuestións que ademais deberan ser especificamente atendidas coa importancia que se merecen nas vindeiras modificacións legais correspondentes.

Por todo o exposto, os deputados e a deputada que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. En que medida pretende a Consellería de Sanidade influír na actualización da normativa existente sobre o xogo en Galicia?
2. Que accións ou ideas considera a Consellería de Sanidade que deben ser tidas en conta na vindeira lei sobre xogo de Galicia?
3. Que aspectos pedagóxicos cree a Consellería de Sanidade que debe fomentar para mellorar a prevención en condutas aditivas relacionadas con xogo patolóxico?
4. Por que a Consellería de Sanidade valorou negativamente a inclusión de emendas aos orzamentos autonómicos que pretendían aumentar as partidas destinadas a tratamento de condutas aditivas?
5. Como valora a Consellería de Sanidade a atención asistencial a disposición das persoas afectadas por trastornos derivados do xogo?

Pazo do Parlamento, 6 de marzo de 2018

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/03/2018 16:30
Nº Rexistro: 27388
Data envio: 06/03/2018 16:23:09.996

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 06/03/2018 16:18:49

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 06/03/2018 16:18:55

Noela Blanco Rodríguez na data 06/03/2018 16:19:01

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

Reunión da Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego
Día: 21.06.2018 Hora: 10:30
Orde do día

2.4 27901(10/POC-004505)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Núñez Centeno, Aurelio Alfonso e 8 máis

Sobre a valoración da Consellería de Sanidade respecto da proposta da Sociedade Galega de Pediatría para reorganizar a atención pediátrica

Publicación da iniciativa, 280, 21.03.2018

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/03/2018 12:23
Nº Rexistro: 27901
Data envio: 14/03/2018 12:23:52.580

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA

A Mesa do Parlamento

Aurelio Núñez Centeno, Encarna Amigo Díaz, Marián García Míguez, Marta Rodríguez Arias, Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez, Soraya Salorio Porral, Miguel Tellado Filgueira, Raquel Arias Rodríguez e **Sandra Vázquez Domínguez,** deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia,** ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego.**

De todos é coñecido o problema da falla de especialistas en Pediatría que está a padecer a Sanidade en España, e as dificultades que orixina para cubrir baixas, substitucións e inclusive prazas por xubilacións en Pediatría de Atención Primaria en determinadas localidades.

Diante desta problemática, temos coñecido as aportacións e posibles solucións propostas pola Sociedade de Pediatría Galega, que incluirían o incremento das prazas de formación MIR nesta especialidade, e tamén a reorganización das consultas pediátricas co obxectivo de optimizar os recursos existentes.

Propón esta sociedade científica a centralización dos pediatras con cotas inferiores a 600 TIS, co fin de evitar a dispersión dos facultativos, eliminando a figura dos pediatras itinerantes.

Segundo os datos do SERGAS hai a día de hoxe un total de 377 pediatras en atención primaria, dos que un 25% ten menos de 700 tarxetas, e o 13.6 non chega ás 500.

Por todo o exposto, os deputados asinantes, formulan a seguinte pregunta en Comisión:

Como valora a Consellería de Sanidade a proposta da Sociedade Galega de Pediatría para reorganizar a atención pediátrica?

Santiago de Compostela, 14 de marzo de 2018

Asinado dixitalmente por:

Aurelio Alfonso Núñez Centeno na data 14/03/2018 12:20:49

María Encarnación Amigo Díaz na data 14/03/2018 12:20:58

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/03/2018 12:23
Nº Rexistro: 27901
Data envio: 14/03/2018 12:23:52.580

GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA

María Ángeles Garcia Míguez na data 14/03/2018 12:21:04

Marta Rodriguez Arias na data 14/03/2018 12:21:10

Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez na data 14/03/2018 12:21:19

María Soraya Salorio Porral na data 14/03/2018 12:21:27

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 14/03/2018 12:21:33

Raquel Arias Rodríguez na data 14/03/2018 12:21:40

Sandra Vázquez Dominguez na data 14/03/2018 12:21:48

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com